

ANUNCIO

Convocatoria e bases para contratación laboral temporal a tempo parcial de 12 persoas para limpeza de praias. Anualidade 2016.

Por decreto de Alcaldía nº 209/2016, de 25 de maio de 2016 aprobouse a convocatoria e bases para a contratación de persoal para limpeza de praias, ano 2016; contratación subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña (MA100).

A instancia, e bases atopáanse a disposición dos interesados nas oficinas municipais e na web do Concello: www.concellodevaldovino.com.

Publicanse as bases para á contratación para xeral coñecemento:

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 12 TRABALLADORES/AS DE LIMPEZA DE PRAIAS, ANUALIDADE 2016

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal de 12 traballadores/as de limpeza de praias, mediante o procedemento de oposición. A referida contratación está subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña. Todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, o Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, a Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; , e demais disposicións de pertinente aplicación.

2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO, RETRIBUCIÓNS E FUNCÍONS.

O contrato formalizarase baixo a modalidade de duración determinada (2 meses e medio), a tempo parcial de 20 horas semanais (media xornada), en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, de luns a domingo, na modalidade de contrato de obra e servizo determinado denominación do servizo “limpeza e mantemento de praias de Valdoviño 2016”, programa MA100, dirixido aos Concellos da provincia da Coruña para a limpeza de praias marítimas durante o exercizo 2016 Os traballos consistirán na limpeza das praias do noso municipio, recollida de lixo dos areas, valeirado de papeleiras e colectores de lixo instalados no entorno así como dos locais radicados nas mesmas, nos que se prestan servizos aos usuarios de competencia municipal, así como demais labores de mantemento das citadas praias.

As retribucións totais que se establecen para o dito posto (básicas, complementarias, pluses e prorrata de paga extra por tódolos conceptos salariais) ascenden a 693,99 euros mensuais)

O persoal contratado terá as seguintes funcións: limpeza de praias e entorno de forma manual, e calquera outra, propias da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

A contratación quedará en todo o caso condicionada á concesión definitiva da subvención outorgada pola Deputación Provincial da Coruña no exercicio 2016 ao abeiro do programa MA100; “ Subvencións para limpeza de praias marítimas dirixido aos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2016” toda vez será a que financie ao 100% as contratacións a realizar

3ª.- CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado.
- e) Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polas persoas aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

4.1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó señor Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Terceira desta convocatoria.

4.2.- As solicitudes presentaranse no citado Rexistro (os días laborais de 9:00 a 14:00 horas) durante o **prazo de 5 días hábiles**, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio da convocatoria nun xornal de tirada comarcal, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina Web municipal.

4.3.- Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte **documentación**:

a) Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.

5ª.- ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.concellodevaldovino.com).

As persoas aspirantes excluídas dispoñen dun prazo de 2 días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Rematado este prazo, ditarase resolución aprobando a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Así mesmo, nesta resolución procederá a sinalarse o día e a hora para o comezo do proceso selectivo, que se desenvolverá tal e como se determina na Base seguinte.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, a web do concello (www.concellodevaldovino.com).

Para o caso de que resulten inicialmente admitidos/as todos/as os/as aspirantes, publicarase directamente a lista de aspirantes admitidos/as, que terá carácter definitivo.

6ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

O proceso de selección realizarase mediante oposición.

Oposición. Proba de avaliación de coñecementos. De carácter obrigatorio, consistente en contestar por escrito, no tempo máximo que estableza o tribunal, un cuestionario de 15 preguntas tipo test. Puntuarase de 0 a 15, considerándose non aptos/as as persoas que non alcancen un mínimo de 7. As preguntas versarán sobre os seguintes temas:

- O Concello de Valdoviño: parroquias, lugares, praias, toponimia e coñecementos en xeral.
- Prevención de riscos laborais no posto de traballo de limpeza de praias.
- Materiais e medios a utilizar na limpeza de praias.
- Tipos de residuos nas praias e zonas costeiras.
- Conceptos básicos sobre a bandeira azul: información e educación ambiental, calidade da auga, xestión ambiental, seguridade e servizos.
- Coñecemento do galego.

A publicación dos resultados obtidos farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e, de ser posible, na súa páxina web.

7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller. A pertenza ó mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Non poderán formar parte do Tribunal o persoal funcionario ou laboral fixo que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros. O Tribunal cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente: Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo.

Secretario/a: Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo, que actuará con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 citada. Igualmente, as persoas aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario. O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases. Os membros do Tribunal, percibirán asistencias polo desenrolo do citado proceso a realizar en dúas sesións correspondentes á fase de oposición, e outra correspondente a avaliación do mesmo, todo elo dacordo co Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8ª.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO E LISTA COMPLEMENTARIA DE RESERVA.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal cualificador publicará no citado Taboleiro de Anuncios e, de xeito complementario na páxina web do Concello, a relación de persoas aspirantes por orde da puntuación total final que superaron o procedemento selectivo, con especificación da mesma, e realizará unha proposta de nomeamento das persoas aspirantes seleccionadas.

O Tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha listaxe de reserva, na que figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superasen a fase de oposición, non resultasen propostos por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante proposto non chegue a formalizalo contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da listaxe complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público. No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. Alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

9ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

As persoas aspirantes propostas deberá presentar dentro do prazo de dous (2) días naturais, a contar desde o seguinte a aquel en que se faga pública no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a listaxe final de puntuacións coa proposta de

candidatos ou candidatas, orixinal ou copia compulsada dos documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos que segundo a base 3ª desta convocatoria se esixen para participar neste proceso selectivo, e que non foron presentados coa instancia para participar neste proceso de selección, isto é:

- a) Declaración de non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ni estar inhabilitado ou inhabilitada para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- b) Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade do persoal ó servizo das administracións públicas conforme coa lexislación vixente e referida ó momento da súa toma de posesión.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que imposibilite o normal exercicio das funcións habituais atribuídas á praza convocada.
- d) Número de afiliación á Seguridade Social.
- e) certificado de conta bancaria no que efectuar o ingreso da nómina

Se dentro deste prazo a persoa aspirante proposta non presenta a súa documentación ou non reúne os requisitos esixidos quedarán anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incorrer por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo, e a proposta entenderase realizada a favor do seguinte na relación de suplentes formulada pola Comisión Seleccionadora.

10ª.- NOMEAMENTO.

Unha vez cumpridos os requisitos anteriormente referidos, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor dos aspirantes seleccionados.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

11ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de dous días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

12ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, o Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, a Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991 (sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local), no Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no Real Decreto 364/1995 (polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó servizo da Administración do Estado), e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Os actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web oficial do Concello (www.concellodevaldoviño.com).

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta Convocatoria, así como das actuacións dos Tribunais Cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes Bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Valdoviño, 25 de maio de 2016

O Alcalde
Alberto González Fernández

INSTANCIA

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO:

O/A abaixo asinante, do/a que os seus datos persoais son os que a continuación se detallan:

Nome e apelidos		DNI
Enderezo	Teléfono	Código Postal
Localidade	Concello	Provincia

E X P Ó N :

1. Que está informado/a do proceso selectivo, para a **contratación laboral temporal de “Doce (12) traballadores/as de Limpeza de Praias”** aprobado por decreto de data **25/05/2016** e publicado nos seguintes medios: *Diario de Ferrol, Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e Páxina Web do concello de Valdoviño.*
2. Declara expresamente que coñece o contido íntegro das Bases reitoras deste proceso selectivo, que acepta e acata na súa totalidade, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas.
3. Polo dito, **SOLICITA** que se admita ao que subscribe esta instancia no proceso selectivo que se celebre para cubrir o posto de traballo antes dito, achegando á presente:
 - ✓ Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
Valdoviño, a ____ de _____ de 2016.

(sinatura)”

Valdoviño, 31 de maio de 2016

O Alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández”